

REUNIÓN CONSELLO DA MULLER NOVA

Data: 27 setembro de 2016

Hora: 11.00-12.20

Lugar: Espacio Arroelo. Michelena, 11. 3º

Asistentes:

Jone Ojeda

Daniel P. Macías

Noelia Rodríguez

Manuel Omil

Noelia Fraga

1

Orden do día

1. Elección da aportación para o 25N
2. Toma de decisións e asuntos pendentes
3. Compromisos

1. Elección da aportación para o 25N

Contamos con dúas alternativas: *por unha banda*, colaborar con gremios (condución, construción, xente da noite...) e homes para que nos permitan sacarlles fotos para acompañalas con frases representativas. Sería contar con homes de Pontevedra con profesións determinadas e que poidan lanzar unha mensaxe...

- Non tolero que ti como muller teñas que camiñar insegura por culpa dun home. Grupo de amigos, xente nova que saia pola noite.
- Non tolero que por ser muller se fagan comentarios do teu corpo pola rúa. Albañil...
- Non tolero que conducir ben teña que ser cousa de homes e non cousa da práctica. Taxista, conductor de autobús
- Non tolero que se infravaloren os teus comentarios por ser muller.
- Non tolero que por ser muller non che deixen vivila túa sexualidade libremente. Pai
- Non tolero que por ser muller se de por feito nun bar que a túa consumición é a que non ten alcohol. Profesional da hostalaría.

A outra opción sería realizar fotos con comparacións ou contido metafórico acompañadas dun pequeno texto e expoñelas na rúa.

- Home e muller con ropa corta. “Está el suxerindo algo? Pois ela tampouco.”
- Policía muller conducindo. “Ela tamén conduce mal?”
- Muller pedíndolle matrimonio a un home.
- Un home e unha muller xogando a videoxogos. Un bo rival- unha boa rival

2. Toma de decisións e asuntos pendentes

Queda pendente terminar a proposta para enviala ao Concello, e decidir se realizamos unha soa proposta ou as dúas (combinadas ou por separado).

2

3. Compromisos

Noelia Fraga ten contacto con entrenador do Pontevedra, tamén coñece o director de Monbús...

Manuel podería preguntar ó seu pai se coñece alguén do mundo da construción: albañil...

Alguén coñecería a unha persoa deste gremio? Tamén podería preguntar nun bar que coñece por alguén da hostalaría